



O Arcebispo
de Santiago de Compostela

Carta Pastoral no Día da Vida Consagrada

2 de Febreiro de 2010

Queridos Membros de Vida Consagrada:

Quero peregrinar convosco de xeito especial neste ano Santo Compostelán para achegarnos á Tumba do Apóstolo e vivir o encontro coa tradición apostólica que fundamenta a nosa fe. Desde esta experiencia percibimos a necesidade de ser peregrinos na fe e testemuñas de Cristo resucitado.

Neste momento da Igrexa, bendicida co don da Vida Consagrada, necesitamos que vivades o carisma auténtico da vida relixiosa “un don que segundo o P. Arnaldo Pigna, ocd, provén do Espírito e que non se debe confundir coas outras dotes persoais. Este don caracterízase por un profundo desexo ardente de configurarse con Cristo para testemuñar algún aspecto do seu misterio e ten o fin de promover a construción da Igrexa e a concordia dentro dela”. Ser fieis ao voso carisma é ser fieis a Cristo, manifestando este compromiso na conversión a Cristo para entrar dentro do seu misterio e vivilo hoxe cun estilo de vida que o reflecta no acontecer da vosa existencia.

A Vida consagrada síguenos a cuestionar no noso mundo. Sodes esa páxina na que día a día podemos ler a proba da existencia de Deus pois a vosa consagración non é unha acción vosa senón unha acción de Deus que é quen elixe, e na fe aceptastes libremente e responsablemente este don. No fondo estar dicindo que credes que Deus é amor e que responde totalmente ás vosas íntimas aspiracións. Así nolo manifestades coa profesión dos consellos evanxélicos como a mellor forma de liberar e realizar á persoa. “Coa vosa castidade consagrada curades aos homes e ás mulleres de hoxe daquela carencia afectiva tan grande que padecen e saciades a súa sede de verdadeiro amor. Coa vosa pobreza consagrada respondedes á necesidade de verdadeiros bens que dan seguridade na vida. A vosa obediencia consagrada responde á verdadeira identidade do home que ha de considerar que antes que libre, é criatura, dependente daquel que lle concedeu existir”. Estas actitudes piden unha contemplación constante do misterio de Deus. Non teñades medo en manifestar a vosa propia orixinalidade segundo o voso carisma: Isto non vos distancia senón que vos insere co que vos é propio na comunidade eclesial e no mundo. Cando a identidade desaparece ou se pon en crise, é lóxico que os mozos e as mozas perdan o seu entusiasmo e se desorienten no proceso vocacional.

O martirio do Apóstolo Santiago o Maior chama a vivir a radical entrega a Xesucristo pobre, casto e obediente, en gozosa resposta de amor a Deus, conformando a vosa vida co misterio da Pascua: morte e resurrección, cruz e esperanza, e podendo dicir como Pablo: “mais todo o que daquela era para min un proveito, estimeino, por causa de Cristo, unha perda. Por El tirei con todo e doulle tanto valor coma ó lixo con tal de gañar a Cristo” (Fil 3, 7ss). Descubride desde a fe o paso do Señor pola historia e vivide progresivamente a conversión. Asumide sen medo e con esperanza os tempos difíciles. Saúdavos con todo afecto e bendí no Señor,

+Xulián Barrio Barrio,
Arcebispo de Santiago de Compostela